



CCOO INFORMA Nº 8

PRESTACIÓN POR COIDADADO DE FILLAS E FILLOS AFECTADOS POR CANCRO OU OUTRA ENFERMIDADE GRAVE

En que consiste?

Nunha axuda económica para paliar a perda de ingresos cando se reduce a xornada laboral por responsabilidades de coidadados dunha filla ou fillo afectado de cancro ou outra enfermidade grave e que necesita de atención permanente.

Quen pode solicitalo?

As traballadoras e traballadores de calquera réxime da Seguridade Social do sector privado e do público.

Requisitos

- As dúas persoas proxenitoras deben estar traballando e de alta na Seguridade Social. Nas familias dunha soa proxenitora ou proxenitor, é suficiente con que esa persoa estea a traballar.
- A redución de xornada debe ser, como mínimo, dun 50 % e, como máximo, do 99 %. (No caso de traballadoras e traballadores autónomos e do fogar, estas porcentaxes calcularanse sobre unha xornada laboral de 40 horas semanais. No caso de traballo a tempo parcial, a xornada parcial non pode supoñer o 25 % ou menos dunha xornada ordinaria).
- A idade máxima da filla ou fillo afectado será de 23 anos ou de 26 se antes de cumprir 23 tiña recoñecida unha discapacidade do 65 %, polo menos.
- A enfermidade debeu provocar unha hospitalización de longa duración ou, tamén, tras a devandita hospitalización, a necesidade de coidadado directo, continuo e permanente.
- A persoa solicitante debe ter acumuladas unhas cotizacións mínimas:
 - Se tes menos de 21 anos, non é necesario acreditar ningunha cotización mínima.
 - Se tes entre 21 e 25 anos, polo menos 90 días cotizados durante os últimos sete anos ou 180 días ao longo de toda a vida laboral.
 - Se tes máis de 26 anos, polo menos 180 días cotizados durante os últimos sete anos ou 360 días ao longo de toda a vida laboral.

Poden solicitalo as dúas persoas proxenitoras?

Poden facelo, pero non simultaneamente. É dicir, soamente pode estar unha persoa percibindo o subsidio (aínda que máis dunha filla ou fillo estea enfermo).

Pode facerse de maneira alterna: unha persoa pode facerse cargo das responsabilidades de coidadados nun primeiro momento e a outra posteriormente e, mesmo, ir alternándose. Con to-

do, o tempo durante o que estea cada unha percibindo o subsidio non poderá ser inferior a un mes.

Se ambas as persoas teñen dereito a solicitar a prestación, pero están separadas ou divorciadas, o dereito recoñeceráselle á proxenitora ou proxenitor con quen conviva a persoa enferma. Só nestes casos poderá percibir a prestación se a outra ou outro proxenitor non traballa. No caso de ter recoñecida a situación de vítima de violencia de xénero, tamén se poderá percibir a prestación, mesmo se o pai non traballase.

Canto se percibe?

O 100 % da base reguladora. Tamén se percibiría o correspondente ás pagas extra, aínda que rateadas.

Mentres se percibe a prestación, mantéñense as cotizacións ao 100 % (por incapacidade temporal, incapacidade permanente, xubilación, morte e supervivencia, maternidade ou paternidade, risco no embarazo e a lactación, desemprego).

Durante canto tempo se percibe?

Pódese percibir a prestación desde o momento en que comeza a redución de xornada, a condición de que se faga a solicitude durante os primeiros tres meses.

O subsidio acéptase, nun principio, coa duración dun mes. Posteriormente, debe renovarse cada dous meses, mentres os cuidados sexan necesarios (isto debe acreditarlo o persoal médico), ata que a túa filla ou fillo cumpra 23 anos —ou 26 anos no caso de que teña recoñecido un grao de discapacidade de, polo menos, o 65 %.

Se algunha ou algún dos proxenitores deixa ou perde o seu traballo, extínguese o dereito.

Solicitude

Esta prestación xestiónana adoito as mutuas patronais ou, na súa falta, o Instituto da Seguridade Social (por exemplo, no caso do traballo de fogar).

Unha vez presentada a solicitude, a mutua ou a Seguridade Social conta con 30 días para comunicar se foi aceptada ou denegada. Se non hai resposta, deberá entenderse que a solicitude foi denegada. Neste caso pode presentarse unha demanda en materia de prestacións da Seguridade Social, aínda que, previamente, deberase interpor unha reclamación na mutua ou na Seguridade Social.

Lista de enfermidades

Ademais do cancro, inclúense unha serie de enfermidades graves que se recollen no ANEXO do RD 1148/2011, de 29 de xullo, para a aplicación e desenvolvemento, no sistema da Seguridade Social, da prestación económica por coidado de menores afectados por cancro ou outra enfermidade grave

BOE núm. 182, de 30 de xullo de 2011

<https://www.boe.es/eli/es/rd/2011/07/29/1148/dof/spa/pdf>